

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) E A UNIVERSIDADE DE VIGO (UVIGO) PARA A REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES (PRÁCTICUM) CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE GRAO IMPARTIDOS NAS FACULTADES DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN, FACULTADE DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL, FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E O DEPORTE E FACULTADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO OU NOS CENTROS ADSCRITOS A ELAS

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2024

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, que actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG do 22 de marzo), do seu nomeamento, polas facultades conferidas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC.

Doutra, D. Ricardo José Cao Abad, reitor magnífico da Universidade da Coruña (en diante, UDC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro, da Xunta de Galicia (DOG do 15 de xaneiro) do seu nomeamento, polas facultades conferidas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, polo que se aproban os estatutos da UDC, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro.

E doutra, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (en diante, UVIGO), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG do 20 de xuño), do seu nomeamento, de acordo coas competencias que lle outorga a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da UVIGO.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

I. Na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) ponse unha especial énfase na realización por parte dos/das estudantes de grao de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitalos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

En concreto, para os graos de educación infantil e de educación primaria, terase en conta a Orde ECI/3854/2007 e a Orde ECI/3857/2007, do 27 de decembro, polas que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións reguladas de mestre en educación infantil e mestre en educación primaria, respectivamente (BOE do 29 de decembro de 2007), que indican no apartado 5 dos anexos correspondentes que o Prácticum se desenvolverá en centros "...recoñecidos como centros de formación en prácticas mediante convenios entre as administracións educativas e as universidades. Terá carácter presencial e estará tutelado por profesores universitarios e mestres acreditados como titores de prácticas".

II. Que a Consellería ten interese en colaborar no sistema de formación práctica do alumnado da USC/UDC/UVIGO co obxectivo de contribuír á formación integral do alumnado universitario de xeito que se complemente a súa aprendizaxe teórica e práctica, se facilite o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional na que se desenvolverán e se favoreza o desenvolvemento das súas competencias técnicas, metodolóxicas e persoais. Asemade a colaboración na formación práctica permitirá aliñar a formación inicial dos futuros profesionais coas competencias profesionais docentes que precisarán, e que se derivan do desenvolvemento actual e das necesidades futuras dos sistemas educativos.

III. Que a USC/UDC/UVIGO, dedicadas a actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico, teñen a vontade de potenciar a realización de actividades formativas, especialización e prácticas en centros educativos dependentes da Consellería, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación dos/das seus/súas estudantes.

IV. En atención ao exposto, as partes conveñen en formalizar este convenio de cooperación de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é regular un programa de prácticas académicas externas curriculares (Prácticum) de estudos de grao entre a Consellería e a USC/UDC/UVIGO para facilitar a preparación para o exercicio profesional dos/das estudantes en ámbitos relacionados coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos de grao cursados nas facultades de Ciencias da Educación, Facultade de Educación e Traballo Social, Facultade de Ciencias da Educación e o Deporte e facultades de Formación do Profesorado da USC/UDC/UVIGO ou nos centros adscritos a elas. Deste xeito promoverase o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao

mercado laboral das futuras persoas tituladas universitarias.

Segunda. Réxime

A USC/UDC/UVIGO axustaranse á normativa vixente en cada momento para tramitar, xestionar e difundir as prácticas académicas externas nos estudos de grao, en particular o desenvolvemento deste convenio aterase ao establecido no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (BOE do 30 de xullo de 2014).

A adscrición do alumnado que vai realizar as prácticas deberá facerse de acordo cos criterios fixados polas persoas responsables universitarias das titulacións correspondentes, nos centros educativos dependentes da Consellería, en relación con estas titulacións.

Para isto, os centros universitarios realizarán unha convocatoria pública entre o alumnado matriculado en cada título, na que se indicará o número de alumnos/as de prácticas e as condicións da práctica académica externa, garantindo os principios de transparencia, publicidade e igualdade de oportunidades.

Terceira. Persoas beneficiarias e requisitos

1 Poden realizar as prácticas académicas curriculares externas curriculares (Prácticum) obxecto dos estudos de grao deste convenio:

a) O alumnado matriculado nalgunha titulación de grao impartida nas facultades de Ciencias da Educación, Facultade de Educación e Traballo Social, Facultade de Ciencias da Educación e o Deporte e facultades de Formación do Profesorado da USC/UDC/UVIGO ou nos centros adscritos a elas, e que inclúan no seu plan de estudos a materia de prácticas externas curriculares (Prácticum).

b) Os/as estudantes doutras universidades españolas ou estranxeiras que, por razón de

programas de mobilidade académica ou de convenios establecidos entre elas, estean cursando estudos de grao nos citados centros da USC/UDC/UVIGO ou nos centros adscritos a elas.

2 Para realizar as prácticas curriculares externas (Prácticum) nos estudos de grao o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- 1) Estar matriculado/a na ensinanza universitaria de grao á que se vinculan as competencias básicas, xenéricas e/ou específicas que adquirirá ao realizar a práctica.
- 2) Estar matriculado/a na materia vinculada, segundo o plan de estudos de que se trate.
- 3) Non manter ningunha relación contractual coa Xunta de Galicia, ou co centro no que se van realizar as prácticas, salvo naqueles casos en que se considere oportuno autorizalo, de xeito motivado e conforme coa normativa interna da universidade, pola vicerreitoría competente na materia.

Cuarta. Programa das prácticas

O programa de prácticas académicas desenvolverase conforme os seguintes termos:

1. A duración das prácticas externas será a que estableza o plan de estudos correspondente nos termos establecidos polo artigo 11 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.
2. O alumnado contará cunha persoa titora dun centro dependente da Consellería e con outra das facultades correspondentes para realizar as prácticas.
3. O horario das prácticas procurará en todos os casos adaptarse aos horarios lectivos. En particular, o alumnado ten dereito a realizar as probas de avaliación

correspondentes aos estudos nos que se matriculase e o/a director/a da institución no que se realizan as prácticas concederlle os permisos necesarios para asistir a elas.

4. O proxecto formativo no que se concreta a realización de cada práctica académica externa fixará os obxectivos educativos e as actividades que se desenvolverán.

Quinta. Dereitos e deberes

- Da persoa titora do centro colaborador

1. Dereitos

- a. Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da USC/UDC/UVIGO, cunha certificación acreditativa do traballo realizado, en función dos termos establecidos por esta.
- b. A ser informado da normativa que regula as prácticas externas así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- c. Ter acceso á USC/UDC/UVIGO para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

2. Deberes

- a. Acolloer o/a estudante e organizar a actividade para desenvolver, de acordo co establecido no proxecto formativo.
- b. Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
- c. Informar o/a estudante da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d. Coordinar coa persoa titora académica da USC/UDC/UVIGO o desenvolvemento das actividades establecidas, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento dela e o control

de permisos para a realización de exames.

- e. Emitir un informe final que lle remitirá ao titor/a académico/a da USC/UDC/UVIGO. á conclusión das prácticas, que recollerá o número de horas realizadas polo/a estudante e no cal poderá valorar aspectos referidos, de ser o caso, tanto ás competencias xenéricas como ás específicas, previstas no correspondente proxecto formativo.

- Da persoa titora académica da USC/UDC/UVIGO

1. Dereitos

- a. Ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica nos termos que estableza a USC/UDC/UVIGO, de acordo coa súa normativa interna.
- b. A ser informado da normativa que regula as prácticas externas así como das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do/a estudante que se tutelarán.
- c. Ter acceso ao centro educativo para o cumprimento dos fins propios da súa función, e a aquela información imprescindible para o exercicio da súa actividade.

2. Deberes

- a. Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do/a estudante e de asistencias a actividades de avaliación doutras materias.
- b. Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso coa persoa titora da entidade colaboradora e vistos, de ser o caso, os informes de seguimento.
- c. Autorizar as modificacións que se produzan no plan de traballo.
- d. Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas dos/as estudantes tutelados de acordo cos procedementos que establece a USC/UDC/UVIGO, cubrindo o correspondente informe de avaliación.
- e. Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza

como consecuencia da súa actividade como persoa titora.

- f. Informar ao órgano responsable das prácticas externas nas facultades correspondentes das posibles incidencias xurdidas.
- g. Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que os estudantes con discapacidade realicen as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

- Dos estudantes en prácticas

1. Dereitos

- a. Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un docente do centro no que cursa os estudos de grao e por un profesional que preste servizos no centro dependente da Consellería onde se realice.
- b. Á avaliación de acordo cos criterios establecidos pola USC/UDC/UVIGO.
- c. Á obtención dun informe por parte da entidade colaboradora onde realizaron as prácticas, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, de ser o caso, o seu rendemento.
- d. A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
- e. A dispoñer dos recursos necesarios para o acceso dos/das estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- f. A conciliar, no caso dos/das estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- g. Aqueloutros, de ser o caso, previstos na normativa da USC/UDC/UVIGO

2. Deberes

- a. Cumprir a normativa vixente relativa a prácticas externas establecida pola USC/UDC/UVIGO

- b. Coñecer e cumprir o proxecto formativo das prácticas seguindo as indicacións do titor/a asignado/a pola entidade colaboradora baixo a supervisión do titor/a académico/a da USC/UDC/UVIGO
- c. Manter contacto co/a titor/a académico/a da USC/UDC/UVIGO durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir nela, así como facer entrega dos documentos e a memoria final que lle sexan requiridos.
- d. Incorporarse á entidade colaboradora de que se trate na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais dela.
- e. Desenvolver o proxecto formativo e cumprir con dilixencia as actividades acordadas coa entidade colaboradora conforme ás liñas establecidas nel.
- f. Elaboración da memoria final das prácticas na que deberá figurar, entre outros, os seguintes aspectos: datos persoais do/a estudante; entidade colaboradora onde realizou as prácticas e lugar; descrición concreta e detallada das tarefas; traballos desenvolvidos e departamentos da entidade aos que estivo asignado; valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios; relación dos problemas suscitados e o procedemento seguido para a súa resolución; identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas; avaliación das prácticas e suxestións de mellora.
- g. Gardar confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora e gardar segredo profesional sobre as súas actividades, durante a súa estancia e finalizada esta.
- h. Mostrar, en todo momento, unha actitude respectuosa cara á política da entidade colaboradora, salvagardando o bo nome da universidade á que pertence.

Sexta. Certificacións e recoñecementos

Ao finalizar as prácticas, a USC/UDC/UVIGO entregaralle a cada estudante que o solicite un certificado que conterá como mínimo os seguintes aspectos:

1. Titular do documento.
2. Entidade colaboradora onde se realizaron as prácticas.
3. Descrición da práctica especificando a súa duración e datas de realización.
4. Actividades realizadas.

A persoa titora da entidade colaboradora recibirá unha certificación da USC/UDC/UVIGO de recoñecemento polo labor realizado.

Coa finalidade de manter en todo momento o rexistro de estudantes participantes baixo este convenio, aqueles centros ou servizos nos que se realicen as prácticas comunicaranlle á facultade á que estean adscritos os/as alumnos/as calquera alta ou baixa que se produza. Xunto á alta de cada estudante, comunicarán tamén a data do comezo e finalización das prácticas, o período de vacacións, se o houbese, o lugar do desenvolvemento e o seu contido.

Sétima. Seguro para o alumnado de prácticas

Segundo o Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización da Seguridade Social, as prácticas en empresas que realicen os/as estudantes estarán cubertas polo seguro escolar, sempre que o alumnado estea matriculado e ao corrente do pagamento do citado seguro.

A USC/UDC/UVIGO teñen subscrito, a maiores, un seguro de responsabilidade civil e outro de accidentes, complementarios ao seguro escolar.

A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social dos/as estudantes que realicen

prácticas académicas externas rexerase polo establecido no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Oitava. Responsabilidade das actuacións

A subscrición deste convenio non implica relación contractual laboral, ou de calquera outro tipo, entre o alumnado que vaia desenvolver as actividades contidas no programa de formación práctica e a Consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento das prácticas.

Novena. Comisión de seguimento

1. Para o seguimento da execución e a realización das propostas de modificación e desenvolvemento deste convenio que se consideren oportunas, constituirase unha comisión paritaria de representantes da Consellería e da USC/UDC/UVIGO, coa seguinte composición:

- Pola Consellería: tres persoas nomeadas pola súa persoa titular.
- Pola USC/UDC/UVIGO, que serán nomeadas unha por cada reitor/a.

2. A comisión de seguimento asumirá o compromiso de levar a bo fin os obxectivos que xustifican a sinatura deste convenio. Serán as súas funcións:

- Con carácter xeral, interpretación e aplicación das estipulacións deste convenio, así como velar polo seu cumprimento.
- Propoñer para a súa aprobación polos órganos competentes, addendas ou modificacións deste convenio.

Décima. Valoración económica

A realización deste convenio non supón ningún gasto para as institucións asinantes; por este motivo non se precisa consignación orzamentaria.

Décimo primeira. Rexistro Central de Delincuentes Sexuais

De acordo co establecido na Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2105 e a Lei 45/2105, o alumnado que realicen as prácticas recollidas neste convenio, cando impliquen contacto habitual con menores deberá presentar, antes do seu comezo, certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, de non ter condena por sentenza firme por delito ningún contra a liberdade e indemnidade sexual, ante a súa universidade, que será a encargada de verificar este extremo.

Décimo segunda. Protección de datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do seu expediente persoal.
2. Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como son os diarios oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios.
3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos.

Décimo terceira. Rexistro de convenios

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da USC/UDC/UVIGO para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta. Causas de resolución

1. Son causas de resolución deste convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.
- b) O transcurso do seu prazo máximo de vixencia, incluído o período de prórroga establecido nel.
- c) O acordo unánime das partes.
- d) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade.
- f) Calquera das causas recollidas na normativa da USC/UDC/UVIGO sobre prácticas externas.

2. Se no momento da resolución algún ou algunha estudante estivese realizando prácticas, continuará estas ata o remate establecido.

3. Coa sinatura deste convenio queda derogado calquera outro que coa mesma finalidade asinasen as partes.

Décimo quinta. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Seralle tamén de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e o Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

Terase en conta, así mesmo, a obriga imposta polo artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, introducida pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

As cuestións litixiosas que xurdisen respecto da interpretación, a modificación, a resolución serán resoltas de mutuo acordo polas partes. En defecto de acordo entre as partes, a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Décimo sexta. Obrigas en materia de Seguridade Social derivadas da entrada en vigor do Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo.

As obrigas en materia de Seguridade Social en virtude do disposto no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, e da disposición adicional 52ª do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, modificado polo Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo; regularanse de conformidade cos seguintes apartados:

1. Das prácticas externas curriculares non se derivarán as obrigas propias dun contrato laboral e tampouco terán ningunha dotación económica obrigatoria por parte da entidade, aínda que se poderá prever una asignación para o/a alumno/a en concepto de bolsa ou axuda ao estudo. Neste caso, a entidade deberá dar de alta na Seguridade Social ao alumnado e cotizar por el nos termos previstos no Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións e a normativa que o desenvolva.
2. No caso das prácticas externas curriculares non remuneradas, a USC, a UDC e a UVIGO asumirán a cotización e a tramitación da alta dos/as estudantes. Estas obrigas serán aplicables mentres se manteña en vigor a disposición adicional 52ª do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, introducida polo artigo único, parágrafo 34, do Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo. No caso da Escola Universitaria de Traballo Social, adscrita á USC, este centro será o encargado da tramitación e cotización das prácticas.
3. A entidade poderá interromper as prácticas cando considere que o alumnado vulnerou gravemente as súas obrigas, o que lle comunicará á persoa que fose designada como titora por parte do centro da USC, UDC e UVIGO.
4. A realización das prácticas non supón en ningún caso o establecemento dun vínculo laboral coa entidade. O alumnado e a entidade non poderán subscribir ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación, previstas no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores. Xa que logo, o/a estudante que se acolla a este réxime de prácticas queda excluído da lexislación laboral.
5. Se o/a estudante se incorpora á entidade ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non computará para os efectos de antigüidade nin eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación estipule algo distinto.
6. O que dispón esta cláusula aplicaráselles ás prácticas que se realicen de acordo con este convenio desde o día 1 de xaneiro de 2024.

Décimo sexta. Vixencia

Este convenio estará vixente desde o día da súa sinatura e terá duración máxima de 4 anos desde esa data, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes cunha notificación á outra con dous meses de antelación. Antes da finalización do citado prazo de vixencia as partes poden acordar por unanimidade a súa prórroga por un período de catro anos adicionais.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio na data da última sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional Román Rodríguez González	O reitor da USC Antonio López Díaz
O reitor da UDC Ricardo José Cao Abad	O reitor da UVIGO Manuel Joaquín Reigosa Roger